



**TÍTULO DO TFG/TÍTULO DEL TFG:** Amosando o Lado Escuro das redes sociais: desenvolvemento do primeiro corpus en lingua galega para a detección de misoxinia en Twitter e Mastodon

**Resumo/Resumen (máximo 350 palabras):**

O presente Traballo Fin de Grao (TFG) constituíu un proxecto colaborativo co equipo de [AGITATE](#) que tivo como obxectivo o desenvolvemento do primeiro corpus en lingua galega para a detección de misoxinia en Twitter e Mastodon. Conseguiuse recoller e analizar datos lingüísticos en galego presentes nestas redes sociais co fin de comprender e identificar a manifestación da misoxinia na comunicación dixital.

Un corpus é unha colección grande de textos organizados dunha maneira específica. O obxectivo dun corpus é proporcionar unha fonte de información para que os programas informáticos poidan analizar e entender a linguaxe escrita. Os corpus están a ser de gran utilidade actualmente debido ao auxe das redes xerativas, como é o caso de ChatGPT.

Un aspecto salientable deste proxecto é a aplicación de técnicas de aprendizaxe automática para adestrar modelos de intelixencia artificial (IA) capaces de identificar e clasificar de forma precisa a presenza de misoxinia nos textos analizados. Estes modelos de IA contribúen á detección temperá da misoxinia, permitindo intervir e previr comportamentos prexudiciais.

O corpus resultante foi estruturado e organizado de forma eficiente, facilitando a consulta e análise por parte de equipos de investigación con interese en abordar diversos aspectos da lingua galega relacionados coa misoxinia. A [dispoñibilidade](#) deste corpus proporciona unha valiosa fonte de datos para afondar na comprensión deste fenómeno na comunidade galegofalante.

En resumo, o desenvolvemento deste corpus en lingua galega para a detección de misoxinia en Twitter e Mastodon representou un avance significativo na investigación científica, permitindo a análise sistemática e exhaustiva dos datos lingüísticos en galego relacionados con este fenómeno. Este proxecto contribuíu á creación dunha sociedade máis inclusiva, fomentando o respecto e a igualdade na comunicación dixital en lingua galega.

Como apuntamento adicional, o proxecto está a ter recoñecemento no ámbito científico e vese reflectido na xa dispoñible publicación no XoveTIC, que resultou galardoadada:

Unveiling the Dark Side of Social Media: Developing the First Galician Corpus for Misogyny Detection on Twitter and Mastodon. In *VI Congreso Xove TIC: impulsando el talento científico. Octubre, 2023, A Coruña* (pp. 87-90). Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

**Posibles aplicacións/Posibles aplicaciones (máximo 250 palabras):**

O traballo xa ten aplicacións no mundo real, pois ao estar inicialmente enmarcado nun proxecto de investigación xa se desenvolveu priorizando a aplicabilidade. Ademais, actualmente está sendo empregado tamén nunha tese de doutoramento do proxecto [HYBRIDS](#), unha iniciativa europea para combater a desinformación e os discursos de odio a través da Intelixencia Artificial. Igualmente, ten diversas aplicacións no mundo real máis aló da investigación, como é a monitorización directa e automática de contidos en redes sociais, contribuíndo así ao desenvolvemento de ferramentas de moderación máis eficaces. Tras incidentes como o acontecido en Barcelona co [moderador de Facebook incapacitado](#) por ter que filtrar contidos abusivos de xeito manual, a automatización do filtrado de contidos inapropiados en liña con axuda da intelixencia artificial vólvese aínda máis esencial para o futuro de empresas dedicadas ás redes sociais. O corpus tamén é valioso para analizar os sentimentos dos usuarios sobre produtos ou servizos específicos, axudando a avaliar a percepción e a satisfacción pública, pois demostrar compromiso coa igualdade de xénero e a loita contra a misoxinia vai ser crucial para a imaxe de marca e a reputación corporativa no futuro.


**Etapas para o seu desenvolvemento futuro/Etapas para su desarrollo futuro (máximo 250 palabras):**

Unha das etapas cruciais para o desenvolvemento futuro deste proxecto é a súa expansión para incluír máis redes sociais. Este proceso xa está en marcha e é evidenciado pola súa actual utilización nun novo TFG da Universidade da Coruña, con previsión de presentación idealmente no curso 2023/2024. Neste novo TFG, concretamente, estase ampliando a súa aplicación para Instagram, unha das plataformas máis populares na actualidade. Unha vez rematada a expansión do corpus para incluír ás principais redes sociais existentes, o próximo paso é o perfeccionamento da precisión dos modelos de intelixencia artificial. Por último, a derradeira etapa do seu desenvolvemento é a integración nun *bot* inspirado no xa existente [ParityBOT](#) de Canadá, que idealmente será parte dunha tese de doutoramento. Este *bot* será capaz de filtrar automaticamente contido misóxico en galego. Este avance representa non só un marco significativo na investigación académica, senón tamén unha ferramenta poderosa para promover un ambiente en liña máis seguro e respectuoso. Ademais, faranse diversas publicacións científicas cos avances conseguidos, estando xa aceptado un novo *paper* no [PROPOR](#) que será publicado neste 2024.

Imaxes representativas/Imágenes representativas (máximo 2):



*Exemplo de comentario en Twitter marcado como misóxico polos modelos de IA desenvolvidos*



*Exemplo do que o ParityBOT está a facer en inglés*